

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FGCMF DO 09 DE XANEIRO DO 2010

Hora: 17,00 en 1º Convocatoria.

17,30 en 2º Convocatoria

Lugar: Avda. de Galicia,s/n (antiga Comandancia de Mariña)
Cambados Pontevedra

Orden do Día

- 1º Lectura e aprobación, si procede, da acta anterior.
- 2º Estado de contas a 31/12/09
- 3º Calendario da actividades previstas para o 2010
- 4º Proposta de Orzamento para o 2010
- 5º Apertura do prazo de presentación de candidaturas para a celebración do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia
- 6º Solicitud de ingreso na FGCMF do Grupo de Traballo Polo Patrimonio Marítimo da Asociación de Veciños "A Ostreira" de Abelleira.-Muros
- 7º Informe da reunión da FGCMF coa Conselleira do Mar e da posterior reunión con asesores da Federación
- 8º Varios

Comenzá a Asemblea en segunda convocatoria as 17,30 por non haber quorum necesario na primeira convocatoria.

A mesa que preside a Asemblea esta fórmada polos seguintes membros da Xunta Directiva en funcións.

Presidente: Victor Fernández González
Vicep. 1º Braulio Puga Torrado
Vicep. 2º Xaquín Lores Torres
Vocal Antón Pais Rodríguez
Vocal Uxío Allo García

ASOCIACIÓNS ASISTENTES

A. Mariñeiros de Bouzas, A. Mar da Pedra, A. Calmoseira, A. A Reiboá, A. Amigos do Museo do Mar, A. Dorna da Illa, A de Ingenieros Navales, A. Rompetimóns, A. Mascato, A. Clube Mariño Salnes, A. A Rabandeira, A. Dorna de Portonovo, A. Marisma da Ramallosa, A. Mar de Muros, A. Gamela (Cabo de Cruz), A. Lajareu por Barlovento, A. Club do Mar de Ferrol, A. Barcos do Norte, A. Joaquin Vieta, A. Sueste, A. Dorna Meca.

1º Lectura e aprobación, si procede, da acta anterior.

A acta, que se enviou por correo electrónico, e das que houbo cópia impresa na Sede da Federación para consulta antes de dar comenzo a asemblea, e a acta da Asemblea Xeral Ordinaria do 24 de Outubro de 2009. **Aprobábase por unanimidade.** Co anexo no punto 8º de rogos e preguntas de a proposta da Asociación Marisma da Ramallosa, de que pideselle aos directivos, da Federación que nas conversas con Portos non esquezan a importancia da conservación dos fondeadeiros históricos e que se recalque o importante que é volver legalizar os mortos deses fondeadeiros.

2º Estado de contas a 31/12/09

O Presidente Víctor Fernández informa que o estado de contas que se enviou por correo electrónico, referente o período 01-xaneiro-2009 a 31-decembro-2009 está dispoñible en copia impresa (anexo 1) a cal se lle facilita aos que a solicitan. A continuación pasa a explicar as diferentes partidas, tanto no apartado de gastos como no apartado de ingresos, donde houbo algunhas preguntas aclaratorias, que quedaron explicadas e entendidas, quedando as contas referidas **aprobadas por unanimidade.**

3º Calendario da actividades previstas para o 2010

O Vicepresidente Braulio Puga pide a todas as asociacións que manden ao correo da Federación, o antes posible as actividades que teñan previsto facer con obxecto, de que se poidan planificar as actividades de maneira que non coincidan nas mesmas datas dúas actividades, importantes, posto que o ano pasado houbo algun malestar en este sentido por parte de algunha asociación, polo que se recomenda ampliar o calendario aos meses de primavera e outono, o que dá pé a varios comentarios como que tamén no inverno podense facer actividades de tipo educativo e promocional tanto nos colexios como en outras entidades, o calendario de actividades se irá actualizando na Paxina Web da Federación a medida que as asociacións o vaian comunicando. Suxírense Portonovo que tanto o Carton de Navegante como os seguros xestionados pola federación se actualizen a primeiros de ano e non na metade como ven sendo costume

4º Proposta de Orzamento para o 2010

Se entrega aos asistentes en folla impresa a proposta de orzamento de ingresos e gastos para o ano 2010, **aclarando que hai un erro na folla impresa xa que onde pon ano 2009 quere dicir 2010,** explicando o Presidente as previsións de gastos e ingresos, explicando neste apartado, que despois de varias xestións comprobou que xa saliu aprobada a partida de 10.000 E prometida pola Consellería do Mar para a contratación dunha persoa a media xornada, para as tarefas da Federación que lle asigne a X.D. **quedando aprobado por unanimidade os orzamentos para o ano 2010.** (anexo 2)

5º Apertura do prazo de presentación de candidaturas para a celebración do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

Informa o Vicepresidente, que o pasado 05-12-09 xa se enviou un correo a Colectivos para animar á presentación de candidaturas, onde en arquivo adxunto enviáronse as bases, polo que tal como indican os estatutos, **queda aberto o prazo por un período de tres meses, finalizando o mesmo o 09-04-10,** para a presentación de candidaturas a organización do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, orixináronse varios comentarios ao respecto, en torno a que se debían ter adxudicados con mais antelación para dispoñer de mais tempo para a súa organización, explicouse que se ten falado en moitas ocasións deste problema, no que hai que ter en conta que axa solicitudes, por parte das asociacións, e estas xunto coa Federación teñan que ter acordos cos concellos, con moita antelación, o que non é fácil.

6º Solicitud de ingreso na FGCMF do Grupo de Traballo Polo Patrimonio Marítimo da Asociación de Veciños “A Ostreira” de Abelleira.-Muros

O Presidente lee a solicitude de ingreso, comenta que na solicitude de ingreso anterior se lle comentaran as pautas que eran requisito importante para formar parte da Federación. Fai a presentación da nova asociación Moncho Bouzas explicando que cumpren os requisitos estatuarios, que valoran positivamente a estrutura organizativa e pautas de funcionamento así como o traballo feito pola Federación en defensa da Cultura Marítima e Fluvial e a súa difusión, interpretan a integración na Federación como a mellor maneira de sumar esforzos. Apadriñan a integración da asociación, Mar de Noia, Joaquin Vieta, Canle de Lira, e Mar de Muros, que expon a forte implicación desta asociación nos pasados encontros, o que deu lugar a que se implicaran na restauración dun Galeon, polo que se pregunta a asemblea a aceptación de que esta nova asociación forme parte da federación, **a resposta e positiva por unanimidade.**

7º Informe da reunión da FGCMF coa Conselleira do Mar e da posterior reunión con asesores da Federación.

O Presidente comenta que na última asemblea xa se dera cumprida información sobre a reunión coa Conselleira, e pasa a comentar a reunión cos asesores, centrándose nos resultados da enquisa (*cuestionario*), destacando a coincidencia de opinións en contratar unha persoa, e de que os Encontros sigan sendo cada dous anos e itinerantes. Explica que a Xd tendrá en conta as propostas e suxerencias do *cuestionario*, neste apartado, comenta Barcos do Norte, que se debería establecer máis relación coa Asociación do Patrimonio Marítimo de Portugal.

8º Varios.

Comenza Bedolla, pedindo que a Federación faga xestións encamiñadas a conseguir nos Portos do Estado as mesmas atribucións que temos dende o 01-01-2010 con Portos de Galicia para os Barcos Tradicionais. Pablo Carrera aporta que falemos coa Autoridade Portuaria de cada Porto, o que lle contesta o presidente que xa temos solicitada unha entrevista co Porto de Vigo.

Informa Xaquín Lores que no proxecto Dorna se está preparando a ferramenta para facer o inventario dos Barcos Tradicionais e que posiblemente teremos que facer nos a recollida de datos. Tamen informa que Galgael (*que forma parte do proxecto Dorna*) está organizando un festival en Escocia para o próximo verán o cal estamos invitados e que cando teñamos máis información se enviara.

Interven Pablo Carrera, para comunicar que en Marzo hai unha reunión de European Maritime Heritage en Marsella, pregunta si estamos de acordo en que expoña e defenda as conclusións do proxecto Dorna que todos coñecemos e tamén o proxecto Fishernet, que se explica. Ao que Anton Pais reclama que el non recorda cando a Asemblea deu autorización para que Pablo Carrera nos representara, ao que lle responderon varias persoas que si recordaban que se tratara este tema nunha asemblea anterior autorizando a Pablo Carrera a representarnos, recordandolle que na asemblea que tratamos o asunto de incorporarnos era porque incluía o que Pablo Carrera nos representaría xa que ten facilidades para viaxar ao tempo que asumía os gastos de desprazamento e inscrición en EMH.

Pide a palabra Paco Rei para comentar que nas notas do seu caderno figura que sí autorizouse a Pablo Carrera a representarnos, tamén ten anotado que a proposta de Antón Pais a asemblea aprobou que sería a Xunta Directiva quen decidiría a persoa que representaría á Federación en cada reunión de EMH. Para que quedara o asunto totalmente regulado, se lle pregunta a asemblea si esta dacordo en ratificar que Pablo Carrera nos represente e defenda as posturas mencionadas mais arriba, **o que toda a asemblea aproba coa excepción de Anton Pais**

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a asemblea ás 19,50 horas.

Cambados, a 09 de Xaneiro do 2010.

O Secretario Accidental
Braulio Puga Torrado

O Presidente en Funcions
Victor Gonzalez Fernandez